


EXCMO. CONCELLO DE TORDOIA



**INFORME PREVIO PARA O PROCEDIMENTO DE
AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA**

1.- ANTECEDENTES.....	3
2.- OBXECTIVOS DO P.X.O.M.....	3
3.- ÁMBITO TERRITORIAL.....	5
3.1.- COMARCA De ordes.....	7
3.2.- RESEÑA HISTÓRICA.....	8
3.3.- MEDIO FÍSICO.....	9
3.4.- DEMOGRAFÍA.....	10
3.5.- ANÁLISE SOCIOECONÓMICA.....	13
3.6.- DOTACIÓNS E INFRAESTRUCTURAS.....	14
3.6.1.- <i>Infraestructuras viarias</i>	15
3.6.2.- <i>Infraestructuras de servicios</i>	17
3.6.2.1.- Abastecemento de auga.....	17
3.6.2.2.- Saneamento.....	18
3.7.- PATRIMONIO HISTÓRICO-ARTÍSTICO.....	18
3.8.- TRANSPORTES E COMUNICACIÓNS.....	22
3.9.- VIVENDA.....	22
4.- DIAGNOSE DA SITUACIÓN ACTUAL.....	24
4.1.- MARCO LEGAL PREVIO.....	24
4.2.- BASES PARA O PLANEAMENTO.....	25
5.- DESCRIPCIÓN DO PLANEAMENTO.....	26
5.1.- FUNCIÓN DO PLANEAMENTO.....	26
5.2.- MARCO NORMATIVO.....	27
5.3.- ALCANCE E CONTIDO.....	28
5.3.1.- <i>Criterios para o planeamento e análise das alternativas formuladas</i>	29
5.3.2.- <i>Tipos de Medidas incluídas no planeamento</i>	30
5.3.3.- <i>Aproximación ós efectos previsibles</i>	31
5.4.- PLANS E DIRECTRICES SECTORIAIS RELACIONADAS.....	32

**6.- DESCRICIÓN DOS PROCESOS QUE SE SEGUIRÁN PARA A ELABORACIÓN DO
P.X.O.M. 36**

ANEXO: PLANOS..... 40

1.- ANTECEDENTES.

Redáctase o presente informe previo co fin de iniciar o procedemento de avaliación ambiental do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Tordoia en cumprimento da Normativa sobre avaliación ambiental do planeamento. O Concello de Tordoia, a día de hoxe dispón para a ordenación municipal do seu territorio dunha Delimitación de Solo Urbano, aprobada definitivamente o 22 de xaneiro de 1979.

Para a regulación do resto do termo municipal a regulación depende das Normas Subsidiarias Provinciais e das normas de aplicación directa da recente LOUPMRG.

2.- OBXECTIVOS DO P.X.O.M.

O artigo 45, “instrumentos de ordenación”, da Lei 9/2002 modificada pola Lei 15/2004 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia establece no seu apartado 1. que “a ordenación urbanística levarase a cabo a través de normas subsidiarias e complementarias de planeamento e plans xerais de ordenación municipal (...)”.

O artigo 52, “consideracións xerais” da mesma Lei establece:

“(...)”

- a) *Os plans xerais de ordenación municipal, como instrumentos urbanísticos de ordenación integral, abranguerán un ou varios termos municipais completos, clasificarán o solo para o establecemento do réxime xurídico correspondente, definirán os elementos fundamentais da estrutura xeral adoptada para a ordenación urbanística do territorio e establecerán as determinacións orientadas a promove-lo seu desenvolvemento e execución.*
- b) *O contido dos plans xerais de ordenación municipal deberá ser congruente cos fins que neles se determinen e adaptarse ás características e complexidade urbanística do territorio que sexa obxecto de ordenación, garantindo a coordinación dos elementos fundamentais dos respectivos sistemas xerais.*
- c) *Así mesmo, o plan xeral deberá garanti-la coherencia das determinacións urbanísticas, a viabilidade técnica e económica da ordenación proposta, o equilibrio dos beneficios e cargas derivados do plan entre as distintas áreas de reparto, a proporcionalidade entre o volume edificable e os espazos libres públicos de cada ámbito de ordenación e a participación da comunidade nas plusvalías xeradas en cada área de reparto.*

(...)

Dentro deste marco legal de referencia o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Tordoia procura o ordenación integral do termo municipal, cos seguintes obxectivos xerais para a redacción do planeamento:

- a) O logro dun equilibrio entre a dimensión do núcleo urbano e as súas dotacións e equipamentos, é un dos obxectivos fundamentais do Plan Xeral. Así mesmo, a obtención do solo necesario para ampliación das dotacións existentes, e a implantación doutras novas, mediante o establecemento dos instrumentos de equidistribución adecuados para os actuais propietarios do solo, permite absorber as necesidades da poboación á que serven. Inclúense, para a súa obtención, en Áreas de Reparto de solo urbanizable. Neste aspecto, o Concello deberá comprometer o seu esforzo nos próximos anos de desenvolvemento do Plan, mediante a aplicación directa de parte dos seus recursos e a estimulación e o logro de acordos cos propietarios de solo, os que, á súa vez, deberán afrontar con pleno rigor a consecución da culminación do proceso de desenvolvemento urbanístico. Iso contribuirá paralelamente á posta en valor das recentes medras, e daqueles elementos e zonas infravaloradas ata a data por carencia duns adecuados instrumentos de xestión.
- b) A crecente importancia das vías de comunicación, que aumentan en grande medida as expectativas de medra da zona, así como a obtención do solo necesario para completar os servizos públicos e sistemas xerais do termo municipal fan necesaria a redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal, para adecuar o planeamento ás novas formas de concibir a ordenación do territorio municipal e comarcal, así como permitir a introducción dos mecanismos, instrumentos e técnicas que a moderna lexislación permite a fin de facer unha normativa mais flexible nas súas determinacións, máis áxil en canto á súa posibilidade de xestión e execución e máis equilibrada en canto á ocupación do territorio, á vez que introducir as técnicas previstas na lexislación para reparto de beneficios e cargas derivadas do planeamento, que posibiliten ao Concello manter o seu proceso de desenvolvemento resolvendo á vez a xeración das zonas libres, sistemas xerais e reserva de solo para equipamentos que necesariamente debe acompañar a este proceso.


O modelo territorial e urbano preliminar proposto para o Concello de Tordoia, derivado da diagnose operativa exposta, baséase nos seguintes obxectivos específicos:

- a) Formulación dun uso equilibrado do medio rural, considerando o respecto o medio ambiente e a paisaxe como valores de desenvolvemento e potenciando os usos productivos intrínsecos. Especial atención na imbricación axeitada de equipamentos e industrias de localización co medio. Completación da trama dos núcleos existentes, mellorando a súa funcionalidade e impedido a edificación indiscriminada do territorio.
- b) Equilibrio territorial no nivel de equipamentos dotación e estándares utilizando como ámbito de referencia a parroquia.
- c) Crecemento lento pero sostido no tempo, baseado no ocio avanzado, no comercio especializado, nos servicios á poboación e no reforzo das potencialidades industriais; establecendo unha relación axeitada entre o medio natural e o construído.
- d) Remate da trama urbana existente, co plantexamento de operacións estratéxicas de crecemento ordenado de escala e densidade axeitada.
- e) Atención ó proxecto urbano e as técnicas de xestión para garantir a viabilidade do Plan.
- f) Interese pola consecución dunha rede de espazos públicos de calidade, incorporando e aceptando o edificado.
- g) Procura dunha escala de pormenor para a continuidade e a integración, como manifestación dunha actitude concreta e realista de cara a resolver problemas correctamente dimensionados en escala e funcionalidade.

3.- ÁMBITO TERRITORIAL.

O concello de Tordoia atópase situado no centro da provincia de A Coruña, a poucos quilómetros ao noroeste de Santiago de Compostela, entre os 43,1º e 43,8º de latitude e os 8,26º e 8,41º de lonxitude. Encadrado no extremo occidental da comarca de Ordes, linda cos municipios de Cerceda e Carballo ó norte, cos de Coristanco e Santa Comba ao oeste, cos de Val do Dubra e Trazo ó sur e cos de Oroso e Ordes ó leste.





Tordoia. Mapa de Parroquias

O termo municipal ten unha extensión aproximada de 126 Km², polo que é sensiblemente maior que a media dos municipios galegos (94 Km²) e que a media dos municipios da provincia de A Coruña (84,8 Km²). Segundo o censo de 2005, conta cunha poboación de dereito de 4.618 habitantes, distribuídos en 10 parroquias e 138 entidades de poboación. A capital municipal, Pontepedra, con algo máis de 450 habitantes, situada a 50 Km da capital provincial, atópase nunha posición moi centrada respecto á totalidade do territorio municipal.

TORDOIA. Superficie e densidades de poboación por parroquias.

PARROQUIAS	Superficie (Km ²)	%	Poboación	Densidade (hab/Km ²)	Número de núcleos	Densidade de Núcleos
Andoio (San Mamede)	9,54	7,61%	376	39,42	12	1,26
Anxeriz (Santa Mariña)	15,66	12,49%	612	39,07	16	1,02
Bardaos (Santa María)	15,32	12,22%	631	41,19	23	1,50
Cabaleiros (San Xíán)	15,89	12,67%	916	57,65	18	1,13
Castenda da Torre (Santa María)	12,51	9,97%	448	35,83	15	1,20
Gorgullos (Santaia)	19,47	15,52%	603	30,98	17	0,87
Leobalde (San Cristovo)	5,56	4,43%	147	26,44	3	0,54
Numide (Santiago)	6,62	5,28%	189	28,54	6	0,91
Tordoia (San Xoán)	3,78	3,01%	110	29,13	4	1,06
Vila de Abade, A (San Cibrán)	21,05	16,79%	586	27,84	22	1,05
CONCELLO	125,39	100%	4618	36,83	139	1,11

3.1.- COMARCA DE ORDES.

Forman a comarca de Ordes os concellos de Cerceda, Frades, Mesía, , Oroso, Tordoia, Trazo e Ordes, sendo a capital deste último concello o referente a nivel administrativo e de servizos. Son os seus límites as comarcas de A Coruña polo norte, Betanzos ao nordés, Arzúa ao sueste, Santiago ao sur e suroeste e Bergantiños ao noroeste.



Concellos da Comarca de Ordes.

Situada na marxe dereita do curso alto do río Tambre, a Comarca de Ordes caracterízase por unha paisaxe de formas suavemente onduladas, que descende de norte a sur, dende os

Montes de Castelo, a Serra de Montemaior, o Monte Xalo e os Montes da Tieira que, ao xeito de arco, establecen o límite natural da comarca polo norte.

Dende estes suaves rebordes montañosos, cunha altitude que non chega a exceder os 500 metros, o relevo descende gradualmente por unha paisaxe de prados e pastos, salpicados por pequenos bosquetes de especies autóctonas que en ocasións delatan o alegre decorrer dos numerosos arrosios e regatos que percorren estas terras en busca do Río Tambre.

A densa rede hidrográfica e a abundancia de precipitacións condicionan unha paisaxe sempre verde e a vocación gandeira que caracteriza a esta comarca.

3.2.- RESEÑA HISTÓRICA.

En realidade a historia de Tordoia como tal, é unha historia relativamente recente posto que data de mediados do primeiro terzo do século XIX, cando as reformas liberais que acabaron co Antigo Réxime deu paso a unha nova división administrativa, que constitúe basea da actualmente existente.

Os vestixios máis antigos que mostran a presenza do home nestas terras están constituídos polas cámaras megalíticas e as mámoas que abundan en todo o concello. Nestas terras construíronse monumentos megalíticos, dos cales cabe destacar o magnífico exemplar da Casa Moura, pero tamén mámoas e anta que principalmente devanditos xacementos localízanse en enclaves estratéxicos tanto a partir dun punto de vista económico como da percepción visual.

A división administrativa actual data de 1833. Os cortes de Cádiz de 1812, a partir das que se organizou a resistencia da invasión francesa, abriron as portas ás reformas liberais que ao longo do século foron paulatinamente derrubando a organización do Antigo Réxime. A división dos municipios non foi do todo artificial, por aquel entón se intentou formar un municipio, procedente da antiga xurisdición do Antigo Réxime, co nome de Vilarprego que agrupaba menos parroquias das actuais. Este topónimo constátase nunha casa da parroquia de Bardaos que probablemente foi o centro da xurisdición.

A primeira sede do concello foi unha casa da parroquia de San Xoán que posteriormente se trasladou a Seixán e finalmente a Pontepedra, lugar no cal ocupou diferentes edificacións ata a súa localización actual.

3.3.- MEDIO FÍSICO.

O relevo de Tordoia pertence case na súa totalidade á conca do río Tambre, que discorre polo sur do termo municipal atravesando os concellos de Oroso, Trazo e Val do Dubra, e tan so unha pequena parte á do Anllóns e á do Xallas. Así, as maiores altitudes (en torno aos 500 metros) localízanse ó noroeste, na divisoria das tres concas ás que pertence o termo municipal, observándose un lixeiro e suave descenso cara o sur e leste, ata o río Lenguelle, un dos principais afluentes do Tambre.

Segundo os datos elaborados a partir das análise do Segundo Inventario Forestal Nacional para a provincia da Coruña, dedúcese que tan so o 20% da superficie do termo municipal está dedicada exclusivamente a uso forestal, ficando o 80% restante para uso agrícola, mesturado en moitos casos con matorral e plantacións forestais, destinándose a maior parte deste terreo agrícola a prados e pastizais ligados a explotacións gandeiras. Pequenos cultivos de horta aparecen ligados á casa, abarcando unha certa variedade de produtos agrícolas (leguminosas, hortalizas, froiteiras, millo, videira,...), en xeral para consumo propio.


Polo que se refire á distribución sobre o territorio destes cultivos, pódese dicir que os prados e pastizais acostuman ocupar valgas, proximidade de fontes e correntes de auga, zonas húmidas e vales pouco drenados, e en xeral zonas de pendentes suaves ou moderadas, nas que é frecuente modificar o curso natural dos regatos para canalizar a auga directamente aos pastos. Ao borde destas zonas de pradería acostúmanse ubicar as distintas entidades de poboación, constituídas tradicionalmente por casas rurais, con engadidos agrícolas, naves para o gando e pequenos cultivos de horta anexos. En cambio, as zonas de fortes pendentes ou de difícil acceso, pouco apropiadas para outras actividades e usos que non sexan os estritamente forestais, viñeron tradicionalmente destinándose a monte.

O municipio de Tordoia conta, segundo censo de 2005 cunha poboación de feito de 4.618 habitantes (5.350 en 1991, o que implica un descenso do 13,68 % en catorce anos). Das parroquias que compoñen o municipio, Santa Xíán de Cabaleiros é a mais poboada, con 916 habitantes, case a quinta parte da poboación total (19,83 %).

Desde unha visión de conxunto e a longo prazo, Tordoia ten como particularidade o non ter sido tan afectado pola emigración como o típico municipio de base rural de Galicia. As claves están na rápida especialización gandeira que logrou óptimos resultados e no seu emprazamento relativamente centrado no principal eixo de gravidade da economía galega.

O baixo número de habitantes censados, unido ao feito de ser un municipio de bastante extensión territorial, provoca que a súa densidade de poboación (42,08 hab./Km²) sexa unha das mais baixas da provincia de A Coruña. Sen embargo, as irregularidades que presentan a distribución territorial da poboación por un lado e a distribución superficial das parroquias por outro, permite que existan parroquias con densidades de 66,46 hab./Km² (Cabaleiros) e inferiores a 30 hab./Km² (Leobalde).

Evolución da poboación




A poboación de feito da bisbarra, entendendo por esta a agregación dos termos municipais de Cerceda, Frades, Mesía, Ordes, Oroso, Tordoia y Trazo, representa no ano 2003 o 3,32 % da poboación galega e o 3,43 % da poboación da provincia d Coruña.

A situación desta bisbarra, aínda gardando un certo paralelismo coa galega, ten perfís propios derivados do seu carácter marcadamente rural. En conxunto, a bisbarra perde poboación.

Desagregados estes datos no ámbito municipal póñense de manifesto importantes similitudes. Dos sete municipios, seis ven diminuída a súa poboación, sendo o caso mais acusado o de Mesía que chega a perder 889 habitantes. Todo iso débese, entre outras causas, á emigración da poboación a centros urbanos, deixando as zonas rurais deshabitadas por falta duns alicientes suficientemente atractivos que manteñan a estabilidade de poboación en ditas zonas, e onde o concello de Ordes e grazas a o seu núcleo urbano viu incrementada a súa poboación en 1.240.

Na actualidade, a demografía presenta unha tendencia ó estancamento, con taxas de natalidade moi baixas (2,8 ‰) e de mortalidade elevadas (9,9 ‰), negativas en definitiva, e en continuo descenso dende fai anos, unha pirámide de idades cunha base estreita –poucos efectivos novos- e un predominio das idades adultas e vellas, o que leva inexorablemente a un envellecemento da poboación. A idade media dos habitantes de Tordoia é de 48,7 anos (46,1 nos homes e 51,1 as mulleres), o que pode considerarse elevado. Baste ver que o índice de envellecemento é de 228,9 o que significa que o remprazo xeracional está nas mans da poboación que chega a Tordoia.

**Concello de Tordoia
Pirámide poboación.(Datos IGE 2005).**



3.5.- ANÁLISE SOCIOECONÓMICA.

O eixo do seu modelo radica na gandería maior, no bovino. Tordoia é o 22º municipio galego polo número de vacas, e conta con interesantes niveis de porcino e avícola. O uso da terra está en grande medida orientado á alimentación gandeira, os cultivos forraxeiros son maioritarios, as patacas importantes, e medra a superficie adicada a pastos e pastizais. Aínda que tamén se aprecia un progresivo interese pola horta e cultivos de alto valor no mercado.

A poboación activa agraria é aínda maioritaria no tecido productivo, co 36,6%, pero xa descendeu moito con respecto ós niveis doutros anos. No 91 representaba o 53,2%. E continuará o seu descenso, xa que os avances técnicos permiten novos recortes de activos agropecuarios.

A industria é pouco relevante en Tordoia, destacando apenas unhas pequenas empresas dedicadas á fabricación de materiais para a construción. Nelas emprégase o 12% da poboación, sendo a rama de manufactura a máis importante.

O nivel de activos na construción é moi alto, o 17,5% fronte ó 11% da media galega. O nivel de construción interior non xustifica esta proporción, polo que se deduce que unha grande parte deles traballan fora do concello.

Por último a proporción de residentes que traballan no sector servizos aumentou considerablemente nos últimos anos. Aínda a comezos dos noventa a proporción era do 21,4% pero no último padrón ascendía ó 27,6%. Dentro deste subsector as ramas máis importantes son a hostalería e o comercio.

Por último conviría aclarar que en Tordoia ubícase unha incipiente actividade comercial que vai en aumento. Así, o concello mostraba en 1998 un total de catro oficinas bancarias, 71 actividades industriais, 9 actividades comerciais maioristas, 51 actividades comerciais minoristas e 29 actividades de restauración, bares e hostalería.

A empresa máis relevante asentada no municipio sería unha maiorista adicada ós comestibles e produtos relacionados coa alimentación, seguido de dúas empresas fabricantes relacionadas coas actividades produtoras de ferramentas e maquinaria agrícola.

Debido á forte orientación gandeira do municipio, algo máis do 40% da poboación ocupada se consideran cualificados nesa actividade. A limitada actividade secundaria e terciaria no municipio, ocasiona que so un 3,7% do total da poboación ocupada ostentes cargos de xerentes de empresas. Isto é contrastable co feito de que apenas o 13% da poboación sexan asalariados fixos. Fronte a estes hai sen embargo, case un 34% de poboación ocupada que son traballadores eventuais, estes pertencen na súa maioría ó sector da construción. En conxunto cada vez é maior o peso dos traballadores asalariados, que pasaron dende o 42,5% de 1981 ata o 46,7% de 1996.

3.6.- DOTACIÓNS E INFRAESTRUCTURAS.

Tordoia necesita a regulación dalgúns aspectos dos seus equipamentos, fundamentalmente efectuar a reserva de solo que posibilite a súa ampliación e adecuación segundo as necesidades da poboación, a fin de impedir a falta ou escaseza de estes, ou en algúns casos, a nova implantación dos mesmos.

Desde o punto de vista dos equipamentos docentes, e estudadas as necesidades da poboación actual estímase suficiente coa dotación existente no núcleo de Pontepedra ademais das escolas unitarias. Por outro lado o sistema de crecemento previsto, en base a bolsas de solo urbanizable garante que, en caso de existir aumentos grandes de poboación, as necesidades deste tipo de equipamentos fiquen suficientemente cubertas.

Respecto aos equipamentos sanitarios e deportivos permite afirmar que as existentes constitúen unha reserva suficiente para as previsións de poboación. En canto ao número e distribución de centros parroquiais dentro do termo municipal, considérase adecuado ás necesidades.

Non obstante, atendo ao novo concepto de centro parroquial que debe contemplar a ubicación de instalacións máis alá do propio templo de culto, se ben a reserva de solo na ubicación dos existentes é adecuada, na normativa regularase a forma de executar centros parroquiais de carácter social nas inmediacións dos centros de culto.

Polo que respecta aos equipamentos asistenciais e socioculturais, e tendo en conta a actual composición da pirámide de poboación e preceptivo á previsión de dotacións para a terceira idade as cales deberán resolverse en breve, debido ás carencias que nesta materia conta o concello.

3.6.1.- Infraestructuras viarias

A estrutura do asentamento de núcleos predominantemente espallados, fai que as vías de comunicación xoguen un papel primordial no desenvolvemento socioeconómico da bisbarra. Unha adecuada rede viaria é factor decisivo no aforro de tempo para o transporte de bens e persoas, contribúe á elevación do nivel de vida e fomenta as relacións humanas entre as aldeas.

A Rede viaria municipal, artículase en varios eixes e é moi descentralizada froito tamén do peculiar perímetro do termo municipal. O principal eixe vertebrador está constituido pola estrada provincial CP-8401 que percorre o termo municipal de sur a norte pasando por

Pontepedra e enlazando na Tablilla coa AC-413. Por outro lado, as principais vías de comunicación do concello coa súa bisbarra realízanse a través de vías na súa maior parte exteriores como a xa mencionada AC-413 ou a AC-400.

A rede viaria do municipio de Tordoia esta formada polas seguintes vías:

- Estradas Autonómicas.
- Estrada AC-400 de Sigrás a Muros. Cruza coa CP-1914 no termo municipal, no núcleo de Empalme e constitúe a principal conexión da zona norte do concello con Santa Comba, Carballo e Cerceda.
- Estradas da Deputación.
- Estrada CP-8401 de Tablilla a Agromaestre por Pontepedra. Como se indicou anteriormente é a principal vía de comunicación da zona centro do concello, comunicándoa coa AC-413, no termo municipal de Cerceda.
- Estrada CP-5902 da estrada Ordes-A Silva a Tordoia por Gorgullos, que parte da AC-413 e chega á capital municipal. Constitúe o principal viario de comunicación da zona leste do termo municipal.
- Estrada CP-1914, de Carballo a Portomouro, sendo a principal vía de comunicación con Carballo e Santiago para as parroquias situadas ó oeste do termo municipal.
- Estrada CP-5903, de Ordes a Portomouro por Pontechonia. Principal comunicación do sur do termo municipal con Ordes, a tan so 5 km.
- Estrada CP-8402, acceso á igrexa de Bardaos. Tramo de estrada de apenas 300 m.

Extraído do inventario de estradas da Deputación obtéñense os seguintes datos:

Código	Lonx. concello	Plataforma	Calzada
CP-1904	4,74	8,00	7,00
CP-5902	7,50	5,00	4,50
CP-5903	3,00	5,50	5,50
CP-8401	11,34	7,00	6,50

CP-8402	0,30	5,00	4,50
---------	------	------	------

A estas estradas principais hai que engadir unha tupida rede de estradas municipais que parten das xa citadas e unen as distintas parroquias entre si e os distintos núcleos de poboación, ademais de todas as realizadas para a concentración parcelaria.

3.6.2.- Infraestructuras de servicios

3.6.2.1.- Abastecemento de auga

Polo que se refire á rede de abastecemento de auga, esta atópase moi espallada abarcando amplas zonas do termo municipal, podéndose dicir que a maior parte das aldeas do municipio contan con este servizo. A rede fornece á localidade de Pontepedra, a partir da cal foise ampliando nos últimos anos para dar servizo a outras poboacións como Balsa, Soufe, Tañe, Seixán, Salgueiroa, Monte Vello, Oleiros e Carballadrade, todos eles na parroquia de Cabaleiros. Por outra banda tamén contan con este servizo total ou parcialmente as parroquias de Vila de Abade, Gorgullos, Numide, Andoio e Anxeriz .

Como se ve, a maior parte do concello goza de servizo público de abastecemento de auga, sendo ademais frecuentes as captacións realizadas a título particular, (por medio de pozos, depósitos, etc.) ou as traídas executadas por grupos ou asociacións de veciños.

En calquera caso, convén lembrar que, aínda nos lugares aos que chega a rede municipal de abastecemento, existen moitas casas que non están abonadas a este servizo, xa que a dispersión das edificacións e a carestía de medios técnicos e económicos impiden a absoluta xeneralización do mesmo.

No núcleo de Pontepedra, o servizo de abastecemento de auga esténdese a todo o solo clasificado como urbano polo vixente planeamento municipal, en condicións de caudal e presión suficiente para as características da edificación prevista, dende o depósito xeral de 1.000 m³ situado en Vila de Abade a 425 m de altitude.

3.6.2.2.- Saneamento

A rede de saneamento só dá servizo total ou parcial ás localidades de Pontepedra, Monte Vello, a Balsa e Soufe, na parte central do concello, A Tablilla na zona norte e A Pontraga na zona sur. En Pontepedra a rede esténdese a través do entramado viario e, aínda que até fai uns anos vertía directamente ao río, na actualidade as augas residuais van parar a unha depuradora situada no río do mesmo nome. Esta depuradora considérase suficiente para as necesidades actuais da poboación.

De todos modos, dado que a maior parte do termo municipal ten un carácter marcadamente rural, o sistema de vertido de augas residuais máis xeneralizado consiste en fosas sépticas individuais.

No caso concreto das augas sucias procedentes de pilóns e lavadoiros, é bastante frecuente que neste medio rural acaben sendo vertidas directamente aos cauces fluviais dos regatos próximos, provocando a progresiva degradación dos mesmos.

3.7.- PATRIMONIO HISTÓRICO-ARTÍSTICO.

O concello de Tordoia encóntrase situado na vertente dereita do río Tambre, formando parte da comarca de Ordes. O municipio divídese en dez parroquias e pertence á diocese de Santiago. Da súa importancia histórica e artística cabe sinalar a existencia de restos arqueolóxicos de gran valor como o Dolmen de Cabaleiros.

No que respecta á arquitectura relixiosa, esta non ten uns matices moi diferentes á dos concellos limítrofes sendo en xeral unha arquitectura sinxela de tipo rural e que se engloba nas distintas igrexas parroquiais existentes no termo municipal.

As plantas das igrexas son moi semellantes, na maior parte dos casos de tipo rectangular e unha soa nave cun corpo apegado que serve de sancristía.

Existen, así a todo, algúns exemplos barrocos moi interesantes nos que se pode apreciar unha influencia do barroco compostelá como na igrexa parroquial de Santa María de Castenda do século XVIII, un edificio de planta rectangular e unha soa nave que centra os detalles máis importantes na ornamentación da fachada principal, coroada por unha torre-campanario. Na portada e na base da torre apréciase ese particular barroco galego do tipo barroco de placas que parte do arquitecto Simón Rodríguez.

Outra igrexa interesante é a parroquial de Santa María de Bardaos, inda que sufriu numerosos engadidos co paso do tempo. Se ben a igrexa ten formas barrocas como na torre, a fachada atende a un modelo neoclásico.

É o barroco o estilo predominante no concello de Tordoia se ben moitas das igrexas só conservan da súa traza orixinal uns poucos elementos e outros foron moi alterados, este e o caso dun templo importante como a Ermida de Nosa Señora do Carme, coñecida pola súa sona como centro de culto. Inda que o templo conserva ben a súa fachada, na cal se dispón unha fornela coa imaxe da Virxe, o interior perdeu a inicial tipoloxía, o que desvirtúa demasiado o conxunto.

Tordoia conta cunha presenza importante de fenómenos megalíticos posto que se conserva ademais da cámara funeraria de Cabaleiros (Casa Moura), restos e referencias doutras que foron desgrazadamente desmanteladas para aproveitar a pedra na construción de vivendas tradicionais ou simplemente para acondicionar terreos. Ademais existe un gran número de túmulos que, á igual que se comprobou en Chousa Vella preto da Tablilla, probablemente albergan estruturas menores.

Co Dolmen de Cabaleiros atopámonos diante dun túmulo característico da cultura megalítica galega. Ten moita similitude co de Dombate e Axeitos. Este composto por seis ortostatos que sobresaen do chan 1,8 metros e que conforman a cámara. Sobre eles temos unha lousa oval de 4,5 metros de lonxitude. O interior ten un largo de aproximadamente 2,7 metros e unha profundidade de 2,2 metros. A altura media é de 1,7 metros.



Dolmen de Cabaleiros

Presenta a entrada para o leste con corredor. Este dolmen, datado no terceiro milenio antes de Cristo, nunca foi escavado polo que se existe corredor pode permanecer oculto baixo o túmulo, duns 20 metros de diámetro, que se conserva en parte rodeando o megalito. Foi expoliado nos anos 80 e actualmente pertence á Deputación da Coruña.

NORMAS COMPLEMENTARIAS Y SUBSIDIARIAS DE PLANEAMIENTO PROVINCIAL / ANEXO 3		INVENTARIO PATRIMONIO HISTÓRICO-ARTÍSTICO POR MUNICIPIOS	
MUNICIPIO DE TOQUES		MUNICIPIO DE TORDOIA	
Denominación	Parroquia/Lugar	Denominación	Parroquia/Lugar
ARQUEOLOGÍA:		ARQUEOLOGÍA:	
MÁMOAS Y DÓLMENES		MÁMOAS Y DÓLMENES	
Mámoa do Couso Vello.....	Brañas	Dolmen de Cabaleiros.....	Pontepedra
Mámoa Forno de Varela.....	Capela	CASTROS	
Mámoa de Toques.....	Mangueiro	Os Castrexo.....	Andoio
Mámoa de Toques.....	Monte de Arca	Castro de Brandoñas.....	Anxeriz
Mámoas de Toques.....	Oleiros	Castro de Ouxes.....	Anxeriz
Mémoas de Toques.....	Paradela	Castro de Croa.....	Bardaos
Mendoña da Finca de Grosó.....	Vilouriz	Castrellón.....	Cabaleiros
Mámoas de Toques.....	Leira dos Modias	Castro de Cabaleiros.....	Cabaleiros
Mámoas de Toques.....	Toques	Petón dos Mouros.....	Castenda
CASTROS		As Croas.....	Castenda
Castro de Brañas.....	Brañas	Castro de Vilarbó.....	Corgullos
Castro de Lobos.....	Capela	O Castro.....	Corgullos
Castro de Graña.....	Mourelas	Os Castros.....	Leobalde
Castro de Codesal.....	Curros	Casa do Castro.....	Numide
Castro de Piñeiro.....	Mangueiro	Castro de Liste.....	Numide
Castro de San Xián do Monte.....	Monte	Castro de Tordoia.....	Tordoia
Castro de Oleiros.....	Oleiros	Castro de Viladabade.....	Viladabade
Castro de Vilamor.....	Vilamor	ARTE:	
Castro de Mangoeiro.....	Vilauriz	ARQUITECTURA RELIGIOSA	
ARTE:		Ermida de Nosa Sra. do Carme.....	Castenda
ARQUITECTURA RELIGIOSA		Ermida do Rosario.....	Viladabade
Igrexa de Sta. Mariña.....	Brañas	ARQUITECTURA CIVIL	
San Antolín de Toques.....	Capela	CASAS Y PAZOS	
Igrexa de Sta. María.....	Capela	Casa Castenda.....	Castenda
Igrexa de Sta. Uxía.....	Monte	ETNOGRAFÍA:	
Igrexa de Sta. María.....	Ordes	CRUCEROS Y PETOS DE ÁNIMAS	
ARQUITECTURA CIVIL		Cruceiro de Sta. Mariña.....	
CASAS Y PAZOS		Anxeriz	
Casa de Ata.....	Capela	CRUCEROS Y PETOS DE ÁNIMAS	
ETNOGRAFÍA:		Cruceiro de Sta. Mariña.....	
CRUCEROS Y PETOS DE ÁNIMAS		Anxeriz	
Cruceiro de Sta. María.....	Capela	CRUCEROS Y PETOS DE ÁNIMAS	
Cruceiro de San Martiño.....	Oleiros	Cruceiro de Sta. Mariña.....	
Cruceiro de San Cidre.....	Paradela	Anxeriz	
Cruceiro de Sta. María.....	Ordes	CRUCEROS Y PETOS DE ÁNIMAS	
Cruceiro de Santo Estevo.....	Vilamor	Cruceiro de Sta. Mariña.....	
Cruceiro de Saamil.....	Vilamor	Anxeriz	
Cruceiro de Santiago.....	Vilouriz	CRUCEROS Y PETOS DE ÁNIMAS	

3.8.- TRANSPORTES E COMUNICACIÓNS.

A estrutura do asentamento de núcleos predominantemente espallados, fai que as vías de comunicación xoguen un papel primordial no desenvolvemento socioeconómico da bisbarra. Unha adecuada rede viaria é factor decisivo no aforro de tempo para o transporte de bens e persoas, contribúe á elevación do nivel de vida e fomenta as relacións humanas entre as aldeas.

A rede viaria do municipio de Tordoia está formada polas seguintes vías:

- Estradas Autonómicas.
 - Estrada AC-400. Desde Sigrás, na N-550, ata Muros, que constitúe as antigas AC-400, AC-401, AC-402 e AC-403, localizada na zona noroeste do concello.
- Estradas da Deputación.
 - Estrada CP-1914 de Carballo a Portomouro, sendo a lonxitude dentro do concello de 4,74 km.
 - Estrada CP-8401 de A Tablilla a Agromaestre, por Pontepedra que percorre o concello de norte a sur.
 - Estrada CP-8402, como acceso a Igrexa de Bardaos.
 - Estrada CP-5902 da estrada Ordes – A Silva a Tordoia, por Gorgullos.
 - Estrada CP-5903 de Ordes a Portomouro, por Pontechonia.

A estas estradas principais hai que engadir unha tupida rede de estradas municipais que parten das xa citadas e unen as distintas parroquias entre si e os distintos núcleos de poboación, ademais de todas as realizadas para a concentración parcelaria.

3.9.- VIVENDA.

O medio urbano de Tordoia pódese considerar constituído polo núcleo de Pontepedra. Trátase dun núcleo que basea as súas principais características para poder considerarse como urbano nos antecedentes de planeamento e na existencia de servizos urbanísticos, consolidación edificatoria e de numerosos equipamentos que regulan diariamente a actividade municipal como o concello os centros docentes, o centro de saúde, etc.

Polo que respecta a outras características que o engloben dentro da categoría de solo urbano poderíamos destacar a presenza de numerosas edificacións residenciais de tipoloxía urbana, aínda que non constitúen a tipoloxía dominante salvo na mazá central. A existencia destas edificacións amparouse nos antecedentes de planeamento que constituía a actual delimitación de solo urbano que tiña determinacións de vivenda colectiva nunha ampla zona do solo clasificado como urbano. Así, neste solo urbano existen unha serie de mazás consolidadas con edificación colectivas ou unifamiliares entre medianeiras con baixo e dúas plantas.

Os núcleos rurais da periferia urbana existentes vense presionados polo desenvolvemento da edificación nos mesmos a cal tende cada vez máis a invadir os terreos de cultivo ao non atopar posibilidades de construción nuns núcleos de estrutura moi pechada e parcelas de escaso tamaño e aproveitamento edificatorio. Esta invasión vese ademais apoiada por unha rede de camiños estradas e pistas de concentración parcelaria que facilitan a ubicación das vivendas fora da estrutura do núcleo. Esta situación debido ás especiais condicións climatolóxicas, ambientais e topográficas de todo o concello vaise estendendo paulatinamente á totalidade do termo municipal sendo na actualidade poucos os núcleos rurais que conservan a súa estrutura orixinaria.

Este modelo de asentamento baseou ademais a súa implantación na inexistencia de planeamento de ordenamento xeral vixente, pois ao carecer de zonas de especial protección e ao permitir a construción de vivendas unifamiliares en todo o termo municipal, presentábase como un feito a colonización do solo non urbanizable.

O Censo de Vivendas do ano 2001 rexistra 1.541 vivendas familiares, das que 1.299 son vivendas principais, 84 son secundarias e 158 están baleiras. En total, o concello de Tordoia conta con 1.579 edificios e 88 locais.

ESTADÍSTICA DE EDIFICACIÓN E VIVENDA. (CONCELLO de TORDOIA)

Obras	Ano					
	2000	2001	2002	2003	2004	2005
Edificios nova planta	1	1	0	0	0	1
Residencial	1	1	0	0	0	1
Non residencial	0	0	0	0	0	0
Edificios en rehabilitación	0	0	1	0	0	0
Edificios en demolición	0	0	0	0	0	0
Vivendas nova planta	1	1	0	0	0	2
Superficie nova planta (m ²)	218	402	0	0	0	1.127
Residencial (m ²)	218	402	0	0	0	1.127
Non residencial (m ²)	0	0	0	0	0	0
Vivendas en rehabilitación	0	0	0	0	0	0
Vivendas en demolición	0	0	0	0	0	0
Variación neta parque vivendas	1	1	0	0	0	2

4.- DIAGNOSE DA SITUACIÓN ACTUAL.

4.1.- MARCO LEGAL PREVIO.

O Concello de Tordoia, a día de hoxe dispón para a ordenación municipal do seu territorio dunha Delimitación de Solo Urbano, aprobada definitivamente o 22 de xaneiro de 1979. Para a regulación do resto do termo municipal a regulación depende das Normas Subsidiarias Provinciais e das normas de aplicación directa da recente LOUPMRG.

A día de hoxe o mencionado planeamento atópase superado pola realidade municipal, sobre todo nos que se refire á regulación de usos nos solos agropecuarios e forestais e á posibilidade de ubicación de industrias, que normalmente tenden a invadir o medio rural, debido á inexistencia de solo destinado a estes fins. O crecente aumento das explotacións agropecuarias, a plantación de especies de crecemento rápido, que invaden as terras de cultivo e mesmo o entorno próximo dos núcleos e a regulación das vivendas no rural son os motivos, derivados da ordenación municipal, que aconsellaron a revisión do planeamento vixente.

Por último o solo urbano desenvolveuse dentro das determinacións, aliñacións e aproveitamentos do planeamento, necesitando unha revisión pois a aplicación desigual do modelo proposto xerou unha mestura de tipoloxías e usos non perseguido desde a redacción da Delimitación do Solo Urbano.

4.2.- BASES PARA O PLANEAMENTO.

O termo municipal de Tordoia, pola súa ubicación nunha zona de segunda periferia do termo municipal de Santiago de Compostela, a medio camiño entre este e Carballo, é un municipio con expectativas de crecemento, sobre todo vinculado ao sector turístico rural e a industrias de transformación de produtos de orixe rural, favorecida esta polo benigno do clima e os valores naturais que se localizan neste concello.

Deberá ser prioritario no planeamento de Tordoia o redimensionamento dos núcleos tanto urbanos como rurais e a clasificación de solos que poidan absorber os crecementsos incipientes xurdidos pola puxanza das industrias vinculadas ao rural na periferia destes, así como as iniciativas que no terreo do turismo rural xa se están a producir.

Por tanto no medio rural, deberase establecer por un lado, o marco que posibilite o mantemento e mellora do medio físico natural en que se enclava, de indubidable valor, e por outro, potenciar un desenvolvemento cualitativo do mesmo que ten que primar sobre o cuantitativo. Así, débese tratar con especial sensibilidade todas as áreas que presentan un notorio interese medioambiental ou bioecolóxico, xunto co tratamento que debe darse aos núcleos rurais, conforme á Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

Así, preténdese que o novo Plan Xeral resulte flexible e áxil, permitindo a súa adaptación ás circunstancias mutantes e ás veces imprevisibles da sociedade, e sente as bases urbanísticas do Tordoia do século XXI.

Este marco conceptual, e o sistema de xestión urbanística contido na lexislación vixente no material, comprenden e definen o documento, cuxos criterios seguirá a formulación do Plan.

5.- DESCRIPCIÓN DO PLANEAMENTO

5.1.- FUNCIÓN DO PLANEAMENTO.

O planeamento xeral que se debe considerar á hora de abordar o Plan Xeral de Tordoia, é a adecuación das medras actuais ao marco da nova lexislación do solo, sen pretender polo tanto modificacións, se non encauzar as tendencias de medra que se detectan.

A estrutura proposta, que desenvolve o P.XO.M., parte do criterio exposto de MANTER A MORFOLOXÍA EXISTENTE NO TERMO MUNICIPAL, concentrando a vivenda colectiva no núcleo de Pontepedra, e especializando o resto dos núcleos rurais existentes, en tipoloxía de vivenda unifamiliar, posibilitándose pola aplicación das técnicas de reparto de beneficios e cargas previstas na lexislación vixente a obtención do solo necesario para dotar aos núcleos dos espazos libres e equipamentos de que son deficitarios.

Este criterio, se desenvolve mediante a asignación de usos globais que se efectúa neste documento. Así, planifícase a vivenda colectiva no núcleo de Pontepedra, con especialización das distintas tipoloxías nas correspondentes zonas, tentando eliminar as tipoloxías inadecuadas co entorno como a vivenda unifamiliar en zonas de vivenda colectiva ou certos usos industriais, toda vez que se está a clasificar dúas zonas polígonos industriais no termo municipal, o cal posibilita a reubicación destas actividades dunha forma ordenada e cos servizos necesarios.

Esta estrutura refórzase coa ubicación dos solos con aptitudes para o desenvolvemento na periferia da capital municipal, vinculadas ó viario de penetración e con conexións axeitadas cos servizos urbanísticos municipais.

Por outro lado preténdese a interpretación adecuada das condicións edificatorias dos núcleos existentes, así como as relacións que se producen entre os seus distintos habitantes. Por esta razón, agás o solo urbano do núcleo de Pontepedra, o resto dos núcleos clasifícanse como Solos de Núcleo Rural, por carecer da totalidade dos servizos urbanísticos e producirse neles especial vinculación coas actividades do sector primario de carácter agrícola, gandeiro ou forestal.

É de destacar a clasificación de solos con aptitude para o desenvolvemento no entorno da capital municipal, pola previsible presión urbanística que se producirá nestes unha vez que se complete o solo urbano.

5.2.- MARCO NORMATIVO.

Durante o período transcorrido desde a entrada en vigor das Normas Subsidiarias Municipais de Planeamento de Tordoia, o 22 de xaneiro de 1979, xurdiu unha importante normativa tanto estatal como autonómica, que incide nos aspectos territoriais e urbanísticos da actividade municipal, que sen pretender ser presentada con carácter exhaustivo e a que se enumera a seguir:

- Lei 1/1997 de 24 de Marzo, do Solo de Galicia.
- Lei 6/1998, de 13 de Abril, sobre Réxime do Solo e Valoracións.
- Lei nº 8 de 30 de Outubro de 1995 de Patrimonio Cultural de Galicia.
- Lei nº 10 de 10 de marzo de 1995 de Ordenación do Territorio de Galicia.
- Lei Estatal 6/1998 sobre Réxime do Solo e Valoracións
- Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística de Galicia.
- Lei 9/2002 de 30 de decembro de 2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.
- Lei 15/2004 de 28 de decembro de 2004 que modifica a Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

O Plan Xeral de Ordenación Municipal de Tordoia está vinculado xerarquicamente, en todo caso, á lexislación sectorial de aplicación vixente en cada caso, (de entre a que destaca por ser obxecto do presente documento a lexislación medioambiental de aplicación), ás directrices de ordenación do territorio así como ós demais instrumentos establecidos pola Lei 10/1995 de ordenación do territorio de Galicia e no decreto 20/2002, e en especial á lei 9/2002 modificada pola lei 15/2004 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

5.3.- ALCANCE E CONTIDO

O Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Tordoia constará dos seguintes contidos :

- a) *MEMORIA*, que define os obxectivos xerais, as conclusións da información urbanística, a xustificación do modelo territorial elixido e describe as características e previsións de futuro que establece o Plan.
- b) *ESTUDIO DO MEDIO RURAL* que serve de base para o establecemento das medidas tendentes á conservación e mellora das súas posibilidades intrínsecas.
- c) *MODELO DE ASENTAMENTO POBOACIONAL* no que a través das fichas analízase a estrutura de cada núcleo rural do concello e as súas peculiaridades a nivel de topografía, parcelario, edificacións, usos, etc.
- d) *ESTUDIO DE SOSTIBILIDADE AMBIENTAL, IMPACTO TERRITORIAL E PAISAXÍSTICO*
- e) *PLANOS DE INFORMACIÓN*, que reflicten o estado actual do territorio, as características xeográficas e usos do medio natural, as infraestructuras e servicios existentes e o estado e situación da edificación.
- f) *PLANOS XERAIS DE ORDENACIÓN*, onde se definen os elementos fundamentais da estrutura xeral e orgánica do territorio, a clasificación e cualificación de usos globais do solo, os sistemas xerais e as grandes infraestructuras de servicios de urbanización.
- g) *PLANOS DE ORDENACIÓN DETALLADA*, que reflicten a división do territorio, definen a cualificación específica dos usos pormenorizados, establecen o réxime normativo concreto do solo e fixan as aliñacións do solo finalista.
- h) *NORMAS URBANÍSTICAS*, que definen as condicións xerais e particulares de cada clase e categoría de solo e recollen o catálogo de protección.
- i) *ESTRATEGIA DE ACTUACIÓN E ESTUDIO ECONÓMICO*, de acordo co establecido no artigo 60 da Lei 9/2002 modificada pola lei 15/2004
- j) *CATÁLOGO*, dos elementos que hai que protexer ou recuperar

5.3.1.- Criterios para o planeamento e análise das alternativas formuladas.

A redacción do Plan Xeral de Ordenación municipal do Concello de Tordoia parte co propósito de adaptar a ordenación urbanística á lexislación vixente, e o de acometer unha nova política urbanística tendente a perfeccionar o modelo territorial existente mediante a introdución dos sistemas de xestión e actuación que o novo marco legal nesta materia posibilitou, evitando que o proceso urbanizador xere desequilibrios, e polo contrario, poida ser utilizado para mellorar a realidade física existente e o nivel de equipamentos e servizos.

A inexistencia dun Plan Director Comarcal, que defina as directrices xerais de estruturación do territorio, obriga a efectuar unha análise das necesidades e posibles demandas de solo para efectuar a ordenación xeral.

Tendentes á consecución destes fins plantéxanse os seguintes obxectivos e criterios de carácter xeral:

A. *Reestructuración funcional do tecido urbano:*

- A1).- Equilibrio urbanístico entre diferentes áreas do municipio.
- A2).- Impedir a invasión indiscriminada do territorio.
- A3).- Completar a trama urbana do núcleo existente, mellorando a súa funcionalidade.
- A4).- Prever o enlace dos novos crecementos cos núcleos rurais circundantes

B. *Consideración da importancia do medio rural:*

- B1).- Manter e fortalecer o actual sistema de núcleos.
- B2).- Conservar a parroquia como institución básica de convivencia rural.
- B3).- Potenciar as actividades residenciais e mellorar o actual sistema de dotacións.
- B4).- Potenciar a rehabilitación e recuperación do patrimonio arquitectónico popular.
- B5).- Eliminar usos non desexados e incompatibles co uso residencial.

C. Conservación ambiental:

- C1).- Conservar a paisaxe natural e os seus compoñentes individualizados (acuíferos, cursos fluviais, masas forestais, etc.).
- C2).- Conservación e recuperación do patrimonio arquitectónico, cultural e medioambiental. O estudio pormenorizado establece este obxectivo en relación co patrimonio arquitectónico e cultural.
- C3).- Conseguir para uso público, áreas de interese que pasen a constituír o sistema xeral de espazos libres do termo municipal.
- C4).- Recoñecer e potenciar aquelas áreas con alto valor ecolóxico, incluídas ou non en inventarios de espazos naturais.
- C5).- Ordenar as actividades vinculadas co aproveitamento dos recursos naturais e transformación de produtos vinculados ó sector primario.

D. Dotación de elementos Comunitarios:

- D1).- Equilibrio dos aproveitamentos lucrativos e os usos comunitarios a establecer nos solos intersticiais vacantes situados dentro da trama urbana.
- D2).- Mellora das actuacións infraestructurais que supoñen unha recuperación da calidade de vida (saneamento, viario e rede xeral de comunicacións).

E. Integración dos diferentes grupos sociais, urbanos e rurais do municipio, conservando cada unha das súas particularidades.

- E1).- Respecto á distribución descentralizada e xerárquica da poboación no municipio.
- E2).- Defensa do equilibrio intersectorial existente.
- E3).- Fomento, de acordo coa Lei 9/2002 da construción de vivendas suxeitas a algún réxime de protección.

5.3.2.- Tipos de Medidas incluídas no planeamento.

O Plan Xeral de Ordenación de Tordoia utiliza na súa metodoloxía de realización os métodos da planificación estratéxica empregando a secuencia :

- Análise de datos
- Participación
- Diagnose operativa
- Definición de Obxectivos
- Establecemento de Accións
- Clasificación do solo
- Formulación de Proxectos urbanos
- Establecemento de estrutura de gobernabilidade
- Corrección de proposta

Esta secuencia plantexada se define continua polo que o Plan pretende ser un documento dinámico e aberto.

O documento incluírá as medidas preventivas, conxunturais, estratéxicas, operativas e organizativas que garantan a adecuación medioambiental do Plan e a corrección dos posibles impactos que o Plan poida xerar.

5.3.3.- Aproximación ós efectos previsibles.

O Plan promoverá e regulará a preservación, ordenación e posta en valor dos elementos medioambientais de valor evitando a colonización indiscriminada do territorio que en ausencia de Plan podería producirse así como os impactos puntuais non desexados sobre o territorio.

Para facelo clasificará como Solo Rústico de Especial Protección en calquera das súas categorías aqueles terreos que polos seus valores agrícolas, gandeiros forestais, ambientais, científicos, naturais, paisaxísticos, culturais, suxeitos a limitacións ou servidumes para a protección do dominio público ou doutra índole deban estar sometidos a algún réxime especial de protección incompatible coa súa transformación urbanística.

Mención especial no caso do concello de Tordoia merece o contorno dos ríos, as cotas elevadas das serras, as masas forestais autóctonas e o L.I.C. do río Tambre.

5.4.- PLANS E DIRECTRICES SECTORIAIS RELACIONADAS.

O Plan Xeral de Ordenación Municipal de Tordoia estará vencellado xerarquicamente, segundo o xa sinalado en parágrafos anteriores á lexislación sectorial de aplicación vixente en cada caso, ás Directrices de Ordenación do territorio, así como ós demais instrumentos establecidos pola Lei 10/1995 de Ordenación do Territorio de Galicia e no decreto 20/2002, e en especial á lei 9/2002 modificada pola lei 15/2004 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

Pola súa incidencia no eido medioambiental é de sinalar a especial importancia que terán para o P.X.O.M. os Proxectos Sectoriais de Parques Eólicos, así como os Plans de Ordenación dos Recursos Naturais, que se puideran plantexar.

O termo municipal de Tordoia atópase afectado pola delimitación do Lugar de Interese Comunitario (LIC) e atópase recollido na proposta de delimitación das Rede Natura 2000 da Consellería de Medio Ambiente e mais concretamente no que abrande ao <Río Tambre>.

Segundo os datos recollidos na mencionada Consellería, as características deste espazo son as seguintes:

Superficie: 583 Ha.

Altitude media: 261 m.

Rexión bioclimática: Atlántica.

Concellos: Tordoia, Ordes, Mesía, Trazo, Oroso, Frades, Santiago de Compostela e O Pino.

Data: 2001.

A cunca deste río é unha das maiores de Galicia, cunha extensión de 1530 km², un índice de alongamento e súa relación ancho-lonxitude é de 1/2 ,2 resultando moi disimétrica pola amplitude dos afluentes, os ríos Barcala, Dubra e Lengüelle.

Tamén recolle augas dos ríos Batán, Cabalar, Maruzo, Samo, Ponte, Paradela, Sionlla e Muíño, lembrando que o Tambre se forma de varios regatos que nacen na serra do Bocelo, coma o Caxide e Rodelo, que forman a lagoa de Sobrado, onde queda formalizado o canal do río.

Morfoloxicamente na parte alta da cunca do Tambre predominan os gneis glandulares de biotita e batolito de granito biotítico entre os que se instala unha brecha de anfíbolitas. Tras un dominio quistoso pásese á zona dos granitos de dúas micas e de granodioritas.

Hábitats

- Bosques de ribeira con *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-padion*, *Alnion incanae* e *Salicion albae*).
- Bosques de carballos galaico-portugueses de *Quercus robur* e *Quercus pirenaica*.
- Uceiras oromediterráneas endémicas con toxos.
- Uceiras secas europeas.
- Toxais húmidos atlánticos de zonas tépedas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*.
- Cursos de auga entre montañas con *Ranunculion fluitantis* e *Callitricho-Batrachion*.
- Lagoas naturais eutróficas con *Magnopotamion* ou *Hydrocharition*-vexetación tipo.

Flora

- *Sphagnum pylaesianum*.
- Narciso (*Narcissus cyclamineus*).

Fauna

- Cotovía pequena (*Lullula arborea*).

- Martiño peixeiro (*Alcedo atthis*).
- Lavanco real (*Anas platyrhynchos*).
- Azor (*Accipiter gentilis*).
- Gabián (*Accipiter nisus*).
- Moucho común (*Athene noctua*).
- Reiseñor da auga (*Cettia cetti*).
- Morcego grande de ferradura (*Rhinolophus ferrum-equinum*).
- Morcego pequeno de ferradura (*Rhinolophus hipposideros*).
- Lontra (*Lutra lutra*).
- Salamántiga galega (*Chioglossa lusitanica*).
- Lagarto das silvas (*Lacerta schreiberi*).
- Libélula (*Macromia splendis*).
- Vacaloura (*Lucanus cervus*).

Nas beiras dos ríos da Vila de Abade e Paradela desenvólvese un bosque de ribeira moi diverso e ben conservado en algúns tramos. Dominan os ameneiros ('*Alnus glutinosa*'), os salgueiros ('*Salix atrocinerea*') e os freixos ('*Fraxinus angustifolia*') aos que incorporan, entre outros especies, carballeiras galaico-portugueses con '*Quercus robur*' e '*Quercus pyrenaica*', acibros ('*Llex aquifolium*'), espiño albar ('*Crataegus monogyna*') e '*Rhamnus frangula*'. Tamén podemos atopar: uces secas europeos, uces ortomediterráneos endémicos con toxo e rochas silíceas con vexetación pioneira do '*Sedo-Scleranthion*' ou do '*Sedo albi-Veronición dillenii*'.

A Lei de Conservación da Natureza 9/2001 inclúe como compoñentes da "Rede Galega de Espazos Protexidos" 9 categorías: Reserva Natural, Parque Nacional, Parque Natural, Monumento Natural, Humidal protexido, Paisaxe protexida, Zona de especial protección dous valores naturais, Espazo natural de interese local e Espazo privado de interese natural.

Segundo o artigo 14 de dita lei, entenderase por humidal protexido as extensións de marismas, pantanos, turbeiras ou superficies cubertas de auga, sexan estas de réxime natural ou artificial, permanentes ou temporais, estancadas ou correntes, doces, salobres ou salgadas, incluídas as extensións de auga mariña cuxa profundidade en marea baixa non exceda de seis metros,

que á vez cumpran unha función de importancia internacional, nacional ou autonómica na conservación dous recursos naturais, e que sexan declaradas como tais.


Poderán comprender zonas ribeiregas, costeiras ou adxacentes, así como as illas ou extensións mariñas de profundidade superior aos seis metros en marea baixa cando estas se atopen dentro do humidal.

De igual maneira nos humedais protexidos poderá limitarse os aproveitamentos dos recursos naturais, prohibíndose en todo caso os incompatibles coas finalidades que xustificasen a súa declaración.

A grande riqueza e diversidade dos compoñentes bióticos e abióticos dos humedais fan que se atopen entre o ecosistemas mais complexos e productivos do planeta. Posúen unha grande variedade de biótupos e hábitats intermedios entre os ambientes terrestre e acuático, e xogan, por tanto, un importante papel na conservación da biodiversidade e no desenvolvemento económico.

O seguinte cadro recolle os humedais que afectan á superficie do concello:

Cód. IHG	Nome del humedal	Superficie (ha)	UTM X huso 29T (m)	UTM Y huso 29T (m)
1110124	Encoro de Vilagudín	158,16	540725	4772656
1110285	Fervenza de Sampaio	0,09	526580	4774680



6.- DESCRIPCIÓN DOS PROCESOS QUE SE SEGUIRÁN PARA A ELABORACIÓN DO P.X.O.M.

Os obxectivos a desenvolver partirán dos seguintes criterios de ordenación:

1. Redacción dunhas novas Normas Urbanísticas tanto no solo de núcleo rural como no solo urbano, que neste último caso teñen carácter de Ordenanzas da edificación, de forma que se sistematizan, se simplifica a súa aplicación práctica, e fan máis asequibles o seu entendemento ós cidadáns e corríxen e obxectivan ambigüidades existentes.
2. Mellora e modernización das explotacións agrícolas e gandeiras, establecéndose a protección agrícola do solo destinado a este fin.
3. Creación do solo industrial e terciario, que permita unha maior presenza de actividades industriais e de servicios no municipio, ficando prevista a posibilidade de desenvolver solo industrial dentro do solo urbanizable que se delimita.

4. Potenciación dos valores ambientais e paisaxísticos do termo municipal, como xeradores dunha industria de lecer e recreo, de ámbito mesmo supramunicipal.

A situación actual do termo municipal, o proceso modernizador e dinamizador das explotacións agropecuarias contraposto cos baixos índices de natalidade e o envellecemento da poboación, así como a potencialidade ecoturística, fai necesario que o novo Plan, contemple medidas tendentes a fomentar a implantación doutras actividades productivas no termo municipal, que fomenten a concepción do concello como foco de atracción para os concellos limítrofes, algo que a día de hoxe se está perdendo a favor doutros concellos máis importantes aínda que máis aloxados como Santiago ou Carballo.

Os obxectivos que o novo Plan debe fixar en materia de servizos urbanos básicos e medioambiente, son os seguintes:

- Debese controlar a calidade das augas mediante a xeneralización do subministro municipal a todos os núcleos.
- Ampliación e renovación programada da rede de colectores e sistema de depuración existente, a fin de conseguir o 100% de depuración de vertidos.
- Así mesmo, débese proceder á eliminación dos vertidos incontrolados de residuos sólidos e escombros, á vez que plantexar a ubicación de vertedoiros controlados de produtos procedentes de escavacións, obras ou actividade agropecuaria.
- Débense adoptar medidas co obxecto de recuperar ambientalmente as canteiras, desmontes e cunetas.
- Potenciarase a repoboación con especies autóctonas, daqueles espazos de monte degradado, de forma que se reduza a actual tendencia á expansión dos espazos arbóreos de crecemento rápido.

Con todo isto para a elaboración do P.X.O.M. de Tordoia se levará a cabo o seguinte procedemento:

O traballo propiamente dito da redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Tordoia comezou en 2005 coa elaboración da cartografía do termo municipal. A información

urbanística realizouse cos contidos sinalados na lei 9/2002 modificada pola lei 15/2004 de Ordenación Urbanística e protección do Medio Rural de Galicia.

A seguir se refire o proceso regrado de elaboración e tramitación do plan.

Unha vez rematada a fase de elaboración do planeamento, e obviando a necesidade da redacción dun documento de Avance, dada a escasa complexidade do concello e tendo en conta que dito documento non é preceptivo, acordase a redacción dun documento previo a súa aprobación inicial, que se lle remitirá á consellería competente en materia de ordenación do territorio para o seu informe, trámite no que se atopa neste momento o expediente.

Unha vez obtido este o Concello procederá a súa aprobación inicial e seguidamente será sometido a un prazo de Información Pública como mínimo durante un mes e máximo de dous meses. Simultaneamente e durante o mesmo prazo daráselles audiencia ós concellos limítrofes.


Ao mesmo tempo da Información Pública o Concello deberá solicitar das administracións competentes os informes sectoriais que resulten necesarios, que deberán ser emitidos no prazo dun mes. Así mesmo deberá solicitar da Consellería de Medio Ambiente o correspondente Informe Ambiental que deberá ser emitido no prazo dun mes. Os informes sectoriais a recabar no concello de Tordoia, en base ás diferentes afeccións, serán os seguintes:

- Subdirección Xeral de Estradas, da Dirección Xeral de Obras Públicas.
- Deputación Provincial da Coruña.
- Augas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente.
- Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Deporte.
- Dirección Xeral de Conservación da Natureza, da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.
- Administrador de Infraestruturas Ferroviarias, ADIF.

Os servizos técnicos municipais emitirán informe respecto da conformidade do plan coa lexislación vixente e a calidade técnica da ordenación proposta.

Cumpridos os trámites sinalados, o pleno do concello procederá á aprobación provisional do Plan, e remitirá o expediente completo ó órgano autonómico competente para a súa aprobación definitiva.

Santiago de Compostela 16 de febreiro de 2007



Isidro López Yáñez

Arquitecto do P.X.O.M. de Tordoia

ANEXO: PLANOS